

SI

# Estatística da administración dixital nos concellos galegos

## Edición 2024

AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

**Edita:** Xunta de Galicia

**Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)**

**Lugar:** Santiago de Compostela

**Ano:** 2024

**Creative Commons Atribución – Compartir Igual 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)**

**Dispoñible en: https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl**

# Estatística da administración dixital nos concellos galegos

Edición 2024

Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)

**Xunta de Galicia**

Consellería de Facenda e Administración Pública

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Santiago de Compostela
**2024**

# ÍNDICE DE CONTIDOS

I. Introdución....5
II. Servizos dixitais....7
II.I. Sitio web da entidade....7
II.II. Sede electrónica da entidade....11
II.III. Procedementos e trámites proporcionados a través de Internet....19
II.IV. Comunicacións e participación da cidadanía....33
II.V. Puntos de acceso público á Sociedade da Información....40
III. Equipamentos, aplicacións e programas informáticos....43
III.I. Equipamento informático e de comunicación....43
III.II. Aplicacións, programas e plataformas informáticas....49
III.III. Identificación e certificados dixitais....53
III.IV. Medidas de seguridade e control....57
III.V. Incidentes de Ciberseguridade....65
IV. Tecnoloxías Disruptivas....69
IV.I. Cloud Computing....69
IV.II. Big Data....73
IV.III. Internet das Cousas....75
IV.IV. Robótica e Chatbots....79
V. Teletraballo....82
VI. Aplicacións internas....86
VI.I. Actuacións, melloras e actuacións prioritarias....86
VI.II. Barreiras á Administración dixital....97
VII. Conclusións....95
VIII. Metodoloxía....98
VIII.I. Ficha técnica....98
VIII.II. Distribución da mostra de estudo....99
Índices de gráficas e táboas....102

# I. Introdución

O principal obxectivo do informe é a análise da situación e da evolución da administración dixital nos concellos de Galicia, con datos tomados no último trimestre do ano 2023, referidos ao uso e presenza das tecnoloxías nos concellos en 2023, e comparándoos cos datos obtidos en edicións anteriores. Analízase a dixitalización da administración local a nivel interno (medios, xestións e servizos dentro da administración) e externo (servizos e comunicacións coa cidadanía, coas empresas, con outras administracións ou calquera usuario interesado).

Esta enquisa, elaborada polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), realizouse a través dunha plataforma web e contou coa colaboración da Oficina eConcellos de Amtega, que é a que realizou o traballo de recollida de datos. Participaron un total de 287 concellos, subministrando a información necesaria para a elaboración deste informe.

Mantense o cuestionario respecto a edicións anteriores; que inclúe a descrición dos equipamentos, aplicacións, servizos á cidadanía e necesidades de mellora. Na edición de 2021 incorporouse, mantendo en 2023, a análise sobre a aplicación do teletraballo nos concellos, unha análise máis detallada da ciberseguridade e un estudo máis amplo das novas tecnoloxías dixitais disruptivas do que se viña facendo en edicións anteriores.

Ademais dos servizos dixitais dispoñibles, tamén se analizará a súa calidade, mediante a descrición das funcionalidades e formas de acceso aos mesmos. Describirase en detalle as funcionalidades de cada un dos servizos dixitais dispoñibles nas administracións locais.

Esta enquisa realízase cada dous anos. En consecuencia preséntanse datos recollidos no último trimestre de 2023 e compáranse cos datos de 2021 da anterior enquisa.

Esta operación estatística está incluída no VI Plan Galego de Estatística 2022-2026 da Comunidade Autónoma de Galicia, estando tamén incluída nas iniciativas impulsadas pola Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD 2030).





# II. SERVIZOS DIXITAIS

- ☑ O 98,7 % dos concellos galegos dispoñen de páxina web no 2023, cun incremento do 1,3% respecto ao 2021.
- ☑ O certificado dixital é o principal mecanismo de autenticación para identificar aos seus visitantes. No 2023, o 43% dos concellos con páxina web utilizan este mecanismo de autenticación.
- ☑ A práctica totalidade (99%) dos concellos galegos dispoñen dunha sede electrónica fronte ao 79,3% no ano 2017.
- ☑ Continúa o incremento no uso das redes sociais nos concellos. No 2023, Facebook, cun 89,4%, é a rede que máis se utiliza para a interacción cos cidadáns. A esta rede súmanse Instagram (55,9%) e Youtube (35,6%) como as preferidas na administración local.

# II. Servizos dixitais

O primeiro capítulo analiza os servizos electrónicos nos concellos de Galicia. Divídese en cinco bloques de información, onde se presentan (1) os datos relativos á páxina web da entidade e as súas características, (2) a información correspondente á sede electrónica, (3) os procedementos e trámites que se poden realizar a través de Internet, (4) as comunicacións e (5) participación da cidadanía e os puntos de acceso á Sociedade da Información.

## II.I. Sitio web da entidade

A práctica totalidade (98,7%) dos concellos contan cunha páxina web. Nos concellos de máis de 2.000 habitantes esta porcentaxe acada o valor máximo (100%), mentres que nos concellos de menos de 2.000 habitantes a porcentaxe é do 96,5%.

A totalidade dos concellos enquisados nas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra dispoñen de páxina web, e só na de Ourense existen concellos que declararon non contar con páxina web activa.

**G.1. Concellos con sitio web principal / oficial. Evolución do Indicador**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

### G. 2. Concellos con sitio web principal / oficial por estratos de poboación

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

### G. 3. Concellos con sitio web principal / oficial por provincia

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

Ademais da dispoñibilidade de páxina web, examinouse tamén a accesibilidade e os sistemas de identificación de acceso.

Ao igual que ocorría nas pasadas edicións, o principal mecanismo de autenticación empregado polos concellos galegos para identificar aos seus visitantes foi o certificado dixital, cun 43%.

### G. 4. Mecanismos para a autenticación dos visitantes na web na actualidade

(% de concellos con sitio web principal / oficial)




Fonte: OSIMGA

### G. 5. Mecanismos para a autenticación dos visitantes na web. Evolución do indicador

(% concellos con sitio web principal/oficial)




Fonte: OSIMGA

O certificado dixital é a modalidade de autenticación dos visitantes da web máis utilizada, independentemente do tamaño de poboación do concello. Nos concellos da provincia de Pontevedra é onde atopamos o maior uso do certificado dixital como ferramenta de identificación para as entidades locais (49,4%).

### C.1 . Concellos con mecanismos para a autenticación dos visitantes segundo o estrato poboacional

(% de concellos con sitio web principal/oficial)

| | Total | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Non se identifican os visitantes | **54,4%** | 58,3% | 46,3% | 57,4% | 61,5% | 62,5% | 14,3% |
| Por certificado dixital | **43,0%** | 37,5% | 53,7% | 38,3% | 34,6% | 37,5% | 85,7% |
| Por nome e clave, ou cun código PIN | **8,1%** | 7,3% | 6,0% | 12,8% | 7,7% | 0,0% | 28,6% |
| Outro Método | **2,7%** | 2,1% | 0,0% | 6,4% | 7,7% | 0,0% | 0,0% |

Fonte: OSIMGA

### C.2 . Concellos con mecanismos para a autenticación dos visitantes segundo a provincia

(% de concellos con sitio web principal/oficial)

| | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| Non se identifican os visitantes | **54,4%** | 52,4% | 60,6% | 53,3% | 50,8% |
| Por certificado dixital | **43,0%** | 39,2% | 39,6% | 45,3% | 49,4% |
| Por nome e clave, ou cun código PIN | **8,1%** | 9,7% | 4,7% | 8,5% | 9,4% |
| Outro Método | **2,7%** | 5,6% | 1,5% | 1,4% | 2,0% |

Fonte: OSIMGA

# II.II. Sede electrónica da entidade

A dispoñibilidade de sede electrónica nos concellos de Galicia continúa á alza. No ano 2023, a práctica totalidade (99%) dos concellos galegos dispoñen dunha sede electrónica fronte ao 79,3% no ano 2017.

**G. 6. Concellos con sede electrónica. Evolución do indicador**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

Ao igual que ocorre con outros indicadores, o tamaño poboacional do concello incide de xeito positivo no nivel de dixitalización: canto maior é a poboación, existen máis probabilidades de dispoñer de sede electrónica na web municipal.

Tendo en conta a provincia onde se atopan, o 100% dos concellos da provincia de Pontevedra dispoñen de sede electrónica, no resto das provincias a porcentaxe de concellos con sede electrónica supera o 98%.

### G. 7. Concellos con sede electrónica por tamaño

(% todos los concellos)




Fonte: OSIMGA

### G. 8. Concellos con sede electrónica por provincia

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

Para analizar as funcionalidades da sede electrónica nomeáronse os seguintes servizos:

- ✓ Pagos electrónicos: tributos, multas, etc
- ✓ Compulsa electrónica
- ✓ Consulta do estado dos trámites
- ✓ Certificacións electrónicas
- ✓ Comunicacións administrativas entre a entidade e os cidadáns e outras AAPP
- ✓ Carpeta do cidadán
- ✓ Disposición de formularios electrónicos de inicio de trámites
- ✓ Notificacións electrónicas
- ✓ Identificación electrónica dos cidadáns
- ✓ Rexistro electrónico

O trámite dispoñible con máis frecuencia nos concellos con sede electrónica é o "Rexistro electrónico", cun 98,5%. Pero son varias funcionalidades as que superan o 90%: Identificación electrónica dos cidadáns, Notificacións electrónicas, Formularios para iniciar trámites e Carpeta do cidadán.

Dos procedementos que se analizaron, o que conta cunha menor implantación na sede electrónica dos concellos é o "Pago electrónico: tributos, multas, etc.", cun 24,5%.

**G. 9. Elementos da sede electrónica que teñen total ou parcialmente os concellos**

(% concellos con sede electrónica)




Fonte: OSIMGA

Respecto do ano 2021, incrementáronse moitos dos servizos dispoñibles das sedes electrónicas dos concellos, especialmente os "Pagos electrónicos" que experimentaron un crecemento do 26,3%, ou a "Consulta do estado dos trámites", que tivo un crecemento do 4,5% durante os últimos dous anos.

**G. 10. Elementos da sede electrónica que teñen os concellos. Evolución do indicador**

(% concellos con sede electrónica)




Fonte: OSIMGA

Nos concellos de maior número de habitantes hai máis posibilidades de xestións nas súas sedes electrónicas, cunha diferenza significativa respecto ás dispoñibles nos concellos de menor poboación. Un exemplo son os "Pagos electrónicos", sendo posible realizalos soamente no 7,5% dos concellos máis pequenos fronte ao 85,7% dos concellos con maior poboación (máis de 50.000 habitantes).

A pesar desta diferenza, cabe destacar que tanto o "Rexistro electrónico" como a "Identificación electrónica dos cidadáns" e as "Notificacións electrónicas" están presentes na práctica totalidade das sedes electrónicas dos concellos galegos, independentemente do seu tamaño poboacional, o que supón un gran avance nos últimos anos.

### C.3 Servizos da sede electrónica que teñen os concellos por estrato poboacional

(% de concellos con sede electrónica)

| | **Total** | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Rexistro electrónico | 98,5% | 99,1% | 97,1% | 97,7% | 100,0% | 100,0% | 100,0% |
| Identificación electrónica dos cidadáns | 97,3% | 94,7% | 96,9% | 100,0% | 100,0% | 100,0% | 100,0% |
| Notificacións electrónicas | 96,6% | 94,2% | 100,0% | 95,5% | 96,2% | 100,0% | 100,0% |
| Disposición de formularios electrónicos de inicio de trámites | 95,8% | 97,1% | 96,9% | 95,6% | 96,0% | 86,7% | 85,7% |
| Carpeta do cidadán | 91,8% | 91,9% | 95,2% | 90,5% | 96,2% | 86,7% | 57,1% |
| Comunicacións administrativa entre entidade e os cidadáns e outras AAPP | 89,0% | 91,5% | 93,3% | 82,5% | 72,0% | 100,0% | 100,0% |
| Consulta do estado dos trámites | 78,2% | 70,4% | 77,4% | 87,2% | 88,9% | 80,0% | 71,4% |
| Certificacións electrónicas | 77,2% | 66,7% | 85,7% | 76,9% | 80,8% | 92,9% | 100,0% |
| Compulsa electrónica | 58,7% | 59,3% | 68,9% | 52,8% | 45,5% | 50,0% | 71,4% |
| Pagos electrónicos: tributos, multas, etc. | 24,5% | 7,5% | 18,4% | 23,7% | 60,0% | 50,0% | 85,7% |

Fonte: OSIMGA

Entre as provincias galegas, obsérvanse que os elementos como o "Rexistro electrónico", a "Identificación electrónica dos cidadáns", as "Notificacións electrónicas" e a "Disposición de formularios electrónicos de inicio de trámites" están afianzados nas catro provincias.

Sen embargo, as maiores diferenzas atópanse nos "Pagos electrónicos" onde, por exemplo, nos concellos da provincia da Coruña detectouse que dispoñen nun 35,1% deste servizo mentres que só contan con este elemento o 9,5% dos concellos da provincia de Ourense.

### C.4 Servizos da sede electrónica que teñen/usan os concellos por provincia

(% de concellos con sede electrónica)

| | **Total** | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| Rexistro electrónico | 98,5% | 98,7% | 96,7% | 100,0% | 97,9% |
| Identificación electrónica dos cidadáns | 97,3% | 100,0% | 91,2% | 97,4% | 100,0% |
| Notificacións electrónicas | 96,6% | 93,4% | 98,3% | 96,2% | 100,0% |
| Disposición de formularios electrónicos de inicio de trámites | 95,8% | 94,7% | 96,5% | 96,4% | 95,8% |
| Carpeta do cidadán | 91,8% | 86,8% | 93,2% | 95,1% | 92,1% |
| Comunicacións administrativa enttre a entidade e os cidadáns e outras AAPP | 89,0% | 88,2% | 92,0% | 89,4% | 85,9% |
| Consulta do estado dos trámites | 78,2% | 85,7% | 67,8% | 76,1% | 80,1% |
| Certificacións electrónicas | 77,2% | 81,2% | 68,0% | 77,8% | 80,3% |
| Compulsa electrónica | 58,7% | 62,2% | 50,1% | 66,2% | 48,8% |
| Pagos electrónicos: tributos, multas, etc. | 24,5% | 35,1% | 20,2% | 9,5% | 34,4% |

Fonte: OSIMGA

Dende o punto de vista dos propios concellos, os "Pagos electrónicos" constitúen novamente o principal elemento con necesidade de actuación. O 67,6% das entidades municipais ten necesidade de actuar sobre este servizo. Ségue a necesidade de actuar sobre a "Compulsa electrónica" (47,2%), a "Consulta do estado dos trámites" (39,8%) e a "Disposición de formularios electrónicos de inicio de trámites" (34%).

### G. 11. Necesidade de actuacións en elementos da sede electrónica. Evolución do Indicador

(% concellos con sede electrónica)




Fonte: OSIMGA

As previsións de actuacións dos concellos sobre os elementos da sede electrónica para o próximo ano están centradas maioritariamente nos "Pagos electrónicos" cun 11,7%, "Disposición de formularios electrónicos de inicio de trámites" cun 8,7%, e a "Carpeta cidadán" cun 8,4%.

## G. 12. Previsión das actuacións para o próximo ano. Evolución do Indicador

(% concellos con sede electrónica)




Fonte: OSIMGA

# II.III. Procedementos e trámites proporcionados a través de Internet

Neste apartado analízanse os procedementos e trámites que os concellos proporcionan á cidadanía e ás empresas a través do seu sitio web, estudando os niveis de información-interacción electrónica dos mesmos.

Os procedementos avaliados son os seguintes:

- ☑ Impostos e taxas.
- ☑ Presentación a ofertas de emprego público (polos cidadáns).
- ☑ Solicitude de axudas, subvencións, bolsas...
- ☑ Queixas e suxestións.
- ☑ Consultas ao catálogo de bibliotecas.
- ☑ Solicitude e obtención de certificados.
- ☑ Matriculación (cursos, actividades, servizos...).
- ☑ Inscrición en rexistros.
- ☑ Solicitudes de citas, etc.
- ☑ Rexistro de documentos.
- ☑ Consulta e seguimento de tramitación de expedientes.
- ☑ Solicitude e obtención de autorizacións e permisos (obras, etc.).
- ☑ Inscrición en rexistros (empresas, actividades, etc.)
- ☑ Presentación e resolución en licitacións, concursos, etc.
- ☑ Establecemento e sinatura de contratos, convenios, etc.

Os niveis de desenvolvemento da Administración dixital diferéncianse en sucesivas fases, en función das posibilidades de interacción:




No ano 2023, o 14,2% dos servizos dixitais dispoñibles nos concellos galegos acadan nivel 5, o máximo nivel de interacción. O 83,3% dos servizos analizados acadan un nivel de interacción electrónica de 3 ou superior (7,1% mais que no 2021), é dicir, na gran maioría dos procedementos pódese, cando menos, "entregar, actualizar ou consultar información individual personalizada".

**G. 13. Nivel de interacción medio dos procedementos**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

### G. 14. Nivel de interacción medio dos procedementos. Evolución do Indicador

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

Facendo unha análise pormenorizada dos diferentes niveis de interacción electrónica, obsérvase que o 100% dos grandes concellos desenvolven procedementos administrativos con interacción electrónica media superior ao nivel 4.

Máis do 63% dos concellos da Coruña teñen ou superan como media o nivel 4 de interacción electrónica dos procedementos.

### C.5 . Nivel de información – Interacción electrónica media dos procedementos segundo o estrato poboacional

(% todos os concellos)

| | Total | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Nivel 1 | **7,5%** | 10,8% | 7,1% | 7,1% | 4,3% | 0,0% | 0,0% |
| Nivel 2 | **9,2%** | 13,3% | 7,1% | 4,8% | 4,3% | 21,4% | 0,0% |
| Nivel 3 | **30,4%** | 33,7% | 37,5% | 35,7% | 13,0% | 7,1% | 0,0% |
| Nivel 4 | **38,7%** | 30,1% | 39,3% | 42,9% | 43,5% | 50,0% | 71,4% |
| Nivel 5 | **14,2%** | 12,0% | 8,9% | 9,5% | 34,8% | 21,4% | 28,6% |

Fonte: OSIMGA

## C.6 . Nivel de información – Interacción electrónica media dos procedementos segundo a provincia

(% todos os concellos)

| | **Total** | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| Nivel 1 | **7,5%** | 6,1% | 8,9% | 8,1% | 7,2% |
| Nivel 2 | **9,2%** | 4,3% | 12,5% | 11,3% | 9,3% |
| Nivel 3 | **30,4%** | 25,8% | 27,8% | 37,7% | 30,6% |
| Nivel 4 | **38,7%** | 45,9% | 38,2% | 32,9% | 36,6% |
| Nivel 5 | **14,2%** | 17,9% | 12,6% | 10,0% | 16,3% |

Fonte: OSIMGA

Na táboa que segue, obsérvase a distribución dos niveis de interacción electrónica para cada un dos 15 procedementos estudados.

## C.7 . Niveis de información electrónica dos procedementos e trámites proporcionados a través de Internet

(% concellos con sitio web principal / oficial)

| | Nivel 1 | Nivel 2 | Nivel 3 | Nivel 4 | Nivel 5 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Impostos e taxas** | 29,5% | 26,2% | 16,1% | 26,7% | 1,5% |
| **Solicitude de axudas, subvencións, bolsas, etc** | 22,9% | 19,4% | 28,7% | 25,7% | 3,3% |
| **Rexistro de documentos** | 6,9% | 11,9% | 35,8% | **37,9%** | **7,5%** |
| **Consulta e seguimento da tramitación de expedientes** | 14,3% | 9,1% | 38,6% | 31,9% | 6,1% |
| **Solicitude e obtención de autorizacións e permisos (obras, etc)** | 6,4% | 18,6% | 40,7% | 29,0% | 5,3% |
| **Inscrición en rexistros (empresas, actividades etc)** | 8,5% | 21,7% | 32,8% | 33,7% | 3,3% |
| **Presentación e resolución de licitacións, concursos etc.** | 9,3% | 13,9% | 32,0% | 36,6% | 8,2% |
| **Establecemento e sinatura de contratos, convenios, etc.** | 8,7% | 10,3% | 36,3% | 37,7% | 7,0% |
| **Presentación a ofertas de emprego público (polos cidadáns)** | 12,5% | 10,9% | 36,6% | 34,0% | 6,0% |
| **Solicitudes de citas, etc** | 13,7% | 16,6% | 36,7% | 28,7% | 4,3% |
| **Queixas e suxestións** | 12,3% | 20,6% | 35,3% | 27,7% | 4,1% |
| **Consultas ao catálogo de bibliotecas** | 21,0% | 19,6% | 23,5% | 33,7% | 2,2% |
| **Solicitude e obtención de certificados** | 12,4% | 18,0% | 32,9% | 31,4% | 5,3% |
| **Matriculación (cursos, actividades, servizos...)** | 15,2% | 14,8% | 33,9% | 32,8% | 3,3% |
| **Inscrición en rexistros** | 10,8% | 15,0% | 38,5% | 31,6% | 4,1% |

Fonte: OSIMGA

Dos procedementos dispoñibles a partir de nivel 3, preguntouse a porcentaxe das tramitación por vía dixital no último ano. O resultado foi que o trámite que máis se tramita dixitalmente é a "Presentación e resolución de licitacións, concursos etc." onde o 82,9% de concellos indican que este trámite fíxose por completo electrónicamente.

O nivel 3,4 e 5 de interacción son os que permitirían, con distintos niveis de automatización, realizar unha xestión completa de xeito electrónico. Por esta razón pregúntase, só cando se acada o nivel 3, 4, ou 5, a "porcentaxe que foi tramitado totalmente de forma electrónica polos usuarios". O nivel medio de uso de cada un dos servizos dispoñibles é o que se amosa na seguinte gráfica.

Máis do 80% de licitacións e contratos ou convenios son tratados de forma electrónica polos usuarios. En todos os servizos con niveis 3, 4 ou 5, os concellos estiman que máis da terceira parte son xestionados xa por canle electrónica.

**G. 15. Promedio en que os servizos de nivel 3,4 ou 5 son tramitados de forma electrónica polos usuarios**

(% concellos para cada servizo con nivel de interacción igual ou superior a 3)




Fonte: OSIMGA

Se á gráfica anterior engadímoslle todos os concellos e servizos, teñan ou non tramitación electrónica completa, pódese estimar a porcentaxe global xestionada de forma electrónica. A orde pola que se presentan os diferentes servizos difire pouco pero os valores baixan moito. Só no caso de licitacións e sinatura de contratos e convenios, realízase como media máis dun terzo de forma electrónica.

**G. 16. Promedio en que os servizos de nivel 3,4 ou 5 son tramitados de forma electrónica polos usuarios**

(% concellos para cada servizo con nivel de interacción igual ou superior a 3)




Fonte: OSIMGA

Da gráfica anterior non se debe deducir que o 36,2% das licitacións tramítanse de forma electrónica. Ese valor é a media de licitacións por concello que se fan electrónicas. Pero esta medida dá o mesmo peso estatístico aos concellos grandes, a pesar de contar con moitas licitacións e estar en xeral máis

dixitalizados que os pequenos. Por iso pode supoñerse que o total de licitacións tramitadas de forma electrónica é bastante máis elevado.

O resultado detallado das respostas está no seguinte cadro. Nas licitacións e convenios, o 44,1% e 34,1% de concellos indican que son xestionados ao 100% na canle electrónica.

### C.8 Porcentaxe dos procedementos e trámites realizados a través de Internet no último ano

(% concellos con sitio web principal / oficial con nivel de interacción igual o superior a 3)

| | Non Realiza | Menos do 25% | Do 25% ao 50% | Do 50% ao 75% | Máis do 75% | Todos se fixeron de forma electrónica |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Impostos e taxas** | 6,5% | 38,6% | 30,0% | 18,8% | 4,2% | 2,0% |
| **Solicitude de axudas, subvencións, bolsas, etc.** | 1,0% | 15,9% | 18,8% | 16,9% | 25,1% | 22,2% |
| **Rexistro de documentos** | 0,0% | 13,0% | 33,3% | 22,7% | 17,4% | 13,7% |
| **Consulta e seguimento da tramitación de expedientes** | 0,0% | 30,3% | 21,1% | 15,2% | 16,7% | 16,7% |
| **Solicitude e obtención de autorizacións e permisos (obras, etc.)** | 0,0% | 19,7% | 30,2% | 19,2% | 17,8% | 13,1% |
| **Inscrición en rexistros (empresas, actividades etc.)** | 3,9% | 19,1% | 19,2% | 20,7% | 16,8% | 20,4% |
| **Presentación e resolución de licitacións, concursos etc.** | **0,8%** | **6,4%** | **4,7%** | **9,0%** | **35,0%** | **44,1%** |
| **Establecemento e sinatura de contratos, convenios, etc.** | **0,0%** | **5,5%** | **5,5%** | **18,9%** | **35,9%** | **34,1%** |
| **Presentación a ofertas de emprego público (polos cidadáns)** | 0,0% | 20,2% | 25,1% | 21,2% | 23,6% | 9,8% |
| **Solicitudes de citas, etc.** | 7,3% | 34,5% | 28,6% | 13,0% | 13,0% | 3,6% |
| **Queixas e suxestións** | 1,8% | 32,0% | 25,1% | 18,6% | 14,9% | 7,5% |
| **Consultas ao catálogo de bibliotecas** | 5,1% | 21,3% | 27,5% | 21,2% | 19,2% | 5,7% |
| **Solicitude e obtención de certificados** | 0,0% | 36,9% | 24,6% | 14,8% | 14,8% | 8,9% |
| **Matriculación (cursos, actividades, servizos...)** | 1,1% | 34,8% | 26,4% | 20,2% | 11,7% | 5,8% |
| **Inscrición en rexistros** | 1,1% | 29,1% | 22,4% | 21,6% | 14,7% | 11,1% |

Fonte: OSIMGA

Analizando cal é a porcentaxe, de todos os trámites dispoñibles para empresas, cidadáns e organizacións, que poden ser tramitados enteiramente de forma dixital, obsérvase que, no 2023, o 68% dos concellos galegos teñen algún trámite dispoñible enteiramente de forma dixital. Do total de concellos, o 38,5% dispón de máis do 50% dos trámites para tramitarse enteiramente por Internet.

**G. 17. Trámites Dispoñible para os cidadáns, empresas e organizacións que poden tramitarse enteiramente de forma dixital**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

Analizando a dispoñibilidade de trámites que os cidadáns, as empresas e as organizacións poden realizar enteiramente por Internet, detéctase que máis do 70% dos concellos de máis de 50.000 habitantes indican que máis da metade dos trámites están dispoñibles dixitalmente. Por provincias, máis do 45% indican que máis da metade dos seus procedementos son tramitables dixitalmente na Coruña e máis do 36% en Pontevedra.

**C.9 Trámites Dispoñible para os cidadáns, empresas e organizacións que poden tramitarse enteiramente de forma dixital segundo estrato poboacional**

(% todos os concellos)

| | **Total** | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Menos do 25% | **12,8%** | 16,7% | 12,5% | 8,0% | 10,7% | 12,5% | 0,0% |
| Do 25 ao 50% | **16,7%** | 16,7% | 18,1% | 18,0% | 7,1% | 25,0% | 14,3% |
| Máis do 50% | **38,5%** | 32,5% | 38,9% | 44,0% | 50,0% | 25,0% | 71,4% |
| Non dispoñen de trámites dispoñibles | **32,0%** | 34,2% | 30,6% | 30,0% | 32,1% | 37,5% | 14,3% |

Fonte: OSIMGA

**C.10 Trámites Dispoñible para os cidadáns, empresas e organizacións que poden tramitarse enteiramente de forma dixital segundo provincia**

(% todos os concellos)

| | **Total** | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| Menos do 25% | **12,8%** | 8,1% | 10,6% | 16,4% | 17,4% |
| Do 25 ao 50% | **16,7%** | 18,8% | 19,9% | 13,9% | 13,5% |
| Máis do 50% | **38,5%** | 46,9% | 34,9% | 34,1% | 36,4% |
| Non dispoñen de trámites dispoñibles | **32,0%** | 26,1% | 34,5% | 35,5% | 32,7% |

Fonte: OSIMGA

Os concellos galegos que contan cun **catálogo de procedementos** dispoñibles a través de internet acadaron o 67,3% no 2023, consolidando o gran crecemento observado dende 2017.

Os concellos de máis de 50.000 habitantes destacan no 2023 por ofrecer maioritariamente este servizo.

O 77,5% dos concellos da provincia de Coruña dispón dun catálogo de procedementos accesible a través de Internet, fronte ao 61,1% dos concellos de Pontevedra que teñen catalogados os procedementos administrativos online.

### G. 18. Dispoñibilidade do catálogo de procedementos a través de Internet. Evolución do Indicador

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

### G. 19. Dispoñibilidade do catálogo de procedementos a través de Internet segundo estrato poboacional

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

### G. 20. Dispoñibilidade do catálogo de procedementos a través de Internet segundo a provincia

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

A accesibilidade ao catálogo de procedementos por tamaño do concello no ano 2023 é case total independentemente do estrato poboacional.

### G. 21. Accesibilidade do catálogo de procedementos segundo o estrato poboacional

(% todos os concellos con catálogo de procedementos)




Fonte: OSIMGA

Considerando os concellos que teñen catálogo de procedementos segundo a provincia á que pertencen, a accesibilidade é maior nos municipios situados nas provincias de Lugo e Pontevedra que acadan o 100%, no resto supérase o 94%.

### G. 22. Accesibilidade do catálogo de procedementos segundo a provincia

(% todos os concellos con catálogo de procedementos)




Fonte: OSIMGA

No 2023, o 32,6% dos concellos suprimiu a obriga de achegar algunha documentación (DNI, certificación de obrigacións tributarias [AEAT, Seguridade Social], familia numerosa, discapacidade, inscrición en rexistros, etc.) no último ano.

Ademais, durante o 2023, un 53% dos concellos substituíu por declaracións responsables algunha da documentación que había que achegar (certificación de conta bancaria, poderes de representación, etc.).

### G. 23. Supresión da obriga de aportar documentos. Evolución do Indicador

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

### G. 24. Substitución de documentos por declaracións responsables. Evolución do Indicador

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

Esta simplificación administrativa está máis afianzada cando é maior o tamaño do concello: o 66,7% dos concellos de máis de 20.000 habitantes substitúen documentos por declaracións responsables e o 41,7% suprime a obrigas de achegar documentos no último ano.

### C.11 . Intercambio de datos cos cidadáns: suprimir obriga de aportar documentos e substitución por declaracións responsables segundo o estrato poboacional

(% todos os concellos)

| | **Total** | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Substitución por declaracións responsables | **53,0%** | 42,2% | 53,1% | 54,3% | 75,0% | 66,7% | 100,0% |
| Suprimir obriga de documentos | **32,6%** | 20,7% | 32,0% | 48,6% | 41,2% | 41,7% | 66,7% |

Fonte: OSIMGA

Nas provincias da Coruña e Pontevedra é onde se rexistran máis concellos que simplificaron os trámites respecto á substitución de documentación por declaracións responsable (63,1% en ambas) e suprimiron a obriga de presentar documentos (53,9% e 36,7% respectivamente).

### C.12 . Intercambio de datos cos cidadáns: suprimir obriga de aportar documentos e substitución por declaracións responsables segundo o estrato poboacional

(% todos os concellos)

| | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| Substitución por declaracións responsables | 53,0% | 63,1% | 42,8% | 44,0% | 63,1% |
| Suprimir obriga de documentos | 32,6% | 53,9% | 23,6% | 14,7% | 36,7% |

Fonte: OSIMGA

A medición da interacción electrónica da administración municipal con outras administracións públicas (AAPP) baséase na realización de consultas, é dicir no acceso de información aos sistemas de información doutras AAPP que realizan o 66,5% dos concellos galegos.

### G. 25. Intercambio de datos con outras AAPP

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

Novamente obsérvase que o tamaño de poboación do concello incide positivamente no indicador de dixitalización, xa que o 100% dos concellos de máis de 50.000 habitantes accederon aos sistemas de información doutras AAPP para realizar consultas fronte ao 63,2% dos concellos de menos de 2.000 habitantes.

Por provincias, as entidades municipais da provincia da Coruña destacan en todos os trámites con outras administracións anteriormente citados, a excepción dos envíos de certificados electrónicos a outras AAPP onde é a provincia de Ourense a que destaca.

## C.13 Intercambio de datos con outras AAPP segundo o estrato poboacional

(% todos os concellos)

| | **Total** | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Recibiu certificados electrónicos doutras AAPP | **51,9%** | 49,1% | 54,2% | 50,0% | 53,6% | 43,8% | 100,0% |
| Enviou certificados electrónicos a outras AAPP | **45,5%** | 46,5% | 52,8% | 38,0% | 46,4% | 18,8% | 57,1% |
| Accede aos sistemas de información doutras AAPP para consulta | **66,5%** | 63,2% | 63,9% | 72,0% | 67,9% | 68,8% | 100,0% |
| Ten procedementos integrados electronicamente cos sist. Informáticos doutras AAPP | **55,1%** | 50,9% | 52,8% | 58,0% | 67,9% | 56,3% | 71,4% |

Fonte: OSIMGA

## C.14 Intercambio de datos con outras AAPP segundo a provincia

(% todos os concellos)

| | **Total** | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| Recibiu certificados electrónicos doutras AAPP | **51,9%** | 54,5% | 50,4% | 52,9% | 48,1% |
| Enviou certificados electrónicos a outras AAPP | **45,5%** | 40,6% | 48,9% | 49,5% | 42,4% |
| Accede aos sistemas de información doutras AAPP para consulta | **66,5%** | 77,5% | 60,7% | 61,0% | 65,0% |
| Ten procedementos integrados electronicamente cos sist. Informáticos doutras AAPP | **55,1%** | 69,2% | 44,3% | 50,2% | 53,8% |

Fonte: OSIMGA

# II.IV. Comunicacións e participación da cidadanía

A participación cidadá a través do uso dos canles de comunicación electrónicos como o correo electrónico e/ou dispositivos dixitais é outro dos indicadores básicos para medir a eficacia da Administración dixital.

No ano 2023 este indicador amósanos, tal e como vimos observando nas anteriores edicións, que o correo electrónico é a canle de comunicación máis empregada nos concellos galegos cun 98,9% (o que supón un crecemento do 0,9% respecto ao 2021). Nesta edición destaca o incremento do uso do "Servizo de mensaxes a móbiles", que aumenta o seu uso nun 65,2% respecto ao 2021.

**G. 26. Canles de comunicación co cidadán. Evolución do Indicador**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

O rango de poboación dos concellos inflúe nas modalidades de comunicación cos cidadáns. Os grandes concellos teñen ao servizo dos seus cidadáns máis canles de comunicación ca o resto de estratos.

## C.15 Canles de comunicación co cidadán segundo o estrato poboacional

(% todos os concellos)

| | Total | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Correo electrónico | **98,9%** | 99,1% | 98,6% | 100,0% | 96,4% | 100,0% | 100,0% |
| Fax | **43,5%** | 35,7% | 40,8% | 53,1% | 50,0% | 50,0% | 85,7% |
| Correo electrónico específico para a participación dos cidadáns | **38,1%** | 25,0% | 39,4% | 44,9% | 39,3% | 81,3% | 85,7% |
| Correo electrónico persoal para comunicacións dos cidadáns | **37,7%** | 30,4% | 29,6% | 42,9% | 53,6% | 75,0% | 57,1% |
| Servizo de mensaxes a móbiles | **36,5%** | 25,9% | 26,8% | 55,1% | 53,6% | 62,5% | 42,9% |
| Teléfono / servizo telefónico de información unificado | **27,6%** | 25,9% | 26,8% | 24,5% | 17,9% | 50,0% | 85,7% |
| Terminais / puntos de acceso público a internet | **21,7%** | 11,6% | 25,4% | 26,5% | 28,6% | 43,8% | 28,6% |
| Órgano formal con funcións asignadas de participación cidadá | **11,2%** | 2,7% | 5,6% | 10,2% | 28,6% | 50,0% | 57,1% |
| Consulta, enquisa ou votación en liña | **11,0%** | 3,6% | 11,3% | 16,3% | 14,3% | 37,5% | 14,3% |
| Responsable con blog persoal para comunicacións dos cidadáns | **7,1%** | 4,5% | 8,5% | 10,2% | 7,1% | 12,5% | 0,0% |
| Enquisas de satisfacción ou avialición en liña | **6,5%** | 0,9% | 8,5% | 12,2% | 7,1% | 12,5% | 14,3% |
| Outros medios | **19,2%** | 15,2% | 14,1% | 18,4% | 25,0% | 56,3% | 42,9% |

Fonte: OSIMGA

## C.16 Canles de comunicación co cidadán segundo a provincia

(% todos os concellos)

| | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| Correo electrónico | **98,9%** | 98,7% | 96,9% | 100,0% | 100,0% |
| Fax | **43,5%** | 43,3% | 52,1% | 39,1% | 40,2% |
| Correo electrónico específico para a participación dos cidadáns | **38,1%** | 45,7% | 33,9% | 29,4% | 45,6% |
| Correo electrónico persoal para comunicacións dos cidadáns | **37,7%** | 42,6% | 30,7% | 34,2% | 44,3% |
| Servizo de mensaxes a móbiles | **36,5%** | 49,0% | 20,3% | 31,9% | 44,3% |
| Teléfono / servizo telefónico de información unificado | **27,6%** | 26,8% | 30,4% | 24,7% | 30,2% |
| Terminais / puntos de acceso público a internet | **21,7%** | 24,8% | 25,9% | 10,8% | 29,0% |
| Órgano formal con funcións asignadas de participación cidadá | **11,2%** | 16,5% | 9,1% | 3,7% | 17,3% |
| Consulta, enquisa ou votación en liña | **11,0%** | 19,7% | 4,6% | 7,2% | 11,4% |
| Responsable con blog persoal para comunicacións dos cidadáns | **7,1%** | 6,0% | 7,8% | 7,2% | 8,0% |
| Enquisas de satisfacción ou avialición en liña | **6,5%** | 12,3% | 0,0% | 2,5% | 11,7% |
| Outros medios | **19,2%** | 25,3% | 15,2% | 13,0% | 24,6% |

Fonte: OSIMGA

Na actualidade, as redes sociais son instrumentos claves que permiten e favorecen a participación da cidadanía e fan posible a comunicación dixital entre o cidadán e a administración.

Nos últimos dous anos, o incremento no uso das redes sociais nos concellos galegos segue afianzándose e adaptándose aos novos requirimentos de comunicación da poboación como o uso masivo do Instagram e Youtube.

Tal e como se amosa na seguinte gráfica, é, novamente, Facebook, cun 89,4% a rede que máis se utiliza nos concellos galegos para a interacción cos cidadáns. Nos últimos dous anos esta rede social tivo un crecemento do 5,4%. Facebook é seguida por Instagram (55,9%) e Youtube (35,6%). Instagram é a rede social que máis se incrementou nos concellos galegos nos últimos dous anos.

**G. 27. Presenza nas redes socias. Evolución do Indicador**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

**O uso de instragram comezouse a medir en 2021.*

## C.17 Presenza nas redes sociais segundo o estrato poboacional

(% todos os concellos)

| | Total | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Facebook | **89,4%** | 81,6% | 91,7% | 98,0% | 96,4% | 93,8% | 85,7% |
| Twitter / X | **26,7%** | 7,9% | 27,8% | 36,0% | 46,4% | 62,5% | 85,7% |
| Youtube | **35,6%** | 9,6% | 31,9% | 52,0% | 82,1% | 75,0% | 85,7% |
| Instagram | **55,9%** | 43,0% | 48,6% | 70,0% | 78,6% | 87,5% | 71,4% |
| Outra rede | **6,6%** | 4,4% | 6,9% | 4,0% | 10,7% | 25,0% | 0,0% |

Fonte: OSIMGA

## C.18 Presenza nas redes sociais segundo a provincia

(% todos os concellos)

| | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| Facebook | **89,4%** | 95,3% | 87,8% | 82,7% | 92,7% |
| Twitter / X | **26,7%** | 37,6% | 19,9% | 17,1% | 32,8% |
| Youtube | **35,6%** | 43,0% | 24,2% | 21,8% | 59,8% |
| Instagram | **55,9%** | 68,9% | 45,4% | 45,0% | 65,2% |
| Outra rede | **6,6%** | 12,9% | 1,4% | 3,5% | 7,7% |

Fonte: OSIMGA

No 2023, a acción máis común de participación dixital da cidadanía é a posibilidade de "Realizar queixas e suxestións dende a Web", presente nun 58,1% de concellos.

**G. 28. Dispoñibilidade de servizos de participación da cidadanía. Evolución do Indicador**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

**O uso de "Queixas e suxestións na web" e "Enviar consultas directamente a un departamento ou concellaría" mídense por primeira vez en 2021.*

A análise segundo o ámbito xeográfico amosa diferenzas significativas tendo en conta a dispoñibilidade destes servizos de participación da cidadanía. Estes servizos son máis habituais nos concellos de máis tamaño poboacional. Por provincias destaca a da Pontevedra, onde o 73,4% dispón de servizos para realizar queixas e suxestións dende a web.

### C.19 Dispoñibilidade de servizos de participación da cidadanía segundo o estrato poboacional

(% concellos)

| | Total | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Comentar noticias publicadas polo Concello na súa web | **19,8%** | 18,4% | 18,1% | 24,0% | 17,9% | 18,8% | 42,9% |
| Opinar sobre un proceso político a poñer en marcha | **7,0%** | 3,5% | 6,9% | 12,0% | 7,1% | 6,3% | 28,6% |
| Acceder ao estado dun proceso político | **4,5%** | 1,8% | 1,4% | 10,0% | 3,6% | 6,3% | 42,9% |
| Realizar queixas e suxestións dende a web | **58,1%** | 40,4% | 59,7% | 76,0% | 67,9% | 81,3% | 100,0% |
| Enviar consultas directamente a un departamento ou concellaría | **29,9%** | 13,2% | 30,6% | 44,0% | 46,4% | 43,8% | 85,7% |

Fonte: OSIMGA

### C.20 Dispoñibilidade de servizos de participación da cidadanía segundo a provincia

(% concellos)

| | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| Comentar noticias publicadas polo Concello na súa web | **19,8%** | 20,1% | 22,9% | 23,5% | 9,8% |
| Opinar sobre un proceso político a poñer en marcha | **7,0%** | 8,2% | 7,8% | 3,6% | 9,5% |
| Acceder ao estado dun proceso político | **4,5%** | 7,0% | 3,0% | 1,1% | 7,5% |
| Realizar queixas e suxestións dende a web | **58,1%** | 64,1% | 62,2% | 39,1% | 73,4% |
| Enviar consultas directamente a un departamento ou concellaría | **29,9%** | 46,5% | 19,7% | 15,7% | 38,4% |

Fonte: OSIMGA

Os portais de transparencia a disposición do cidadán nas Administracións Públicas son un bo indicador de saúde democrática e xera innumerables vantaxes. Nos concellos galegos, nos dous últimos anos incrementouse este servizo: o 97% dos concellos galegos contan cun portal de transparencia, amosando un crecemento do 2,4% respecto ao ano 2021. Ademais esta vía de comunicación está presente no 100% dos concellos máis grandes.

### G. 29. Dispoñibilidade dun portal ou espazo de transparencia. Evolución do Indicador

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

### G. 30. Dispoñibilidade dun portal ou espazo de transparencia segundo estrato poboacional

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

### G. 31. Dispoñibilidade dun portal ou espazo de transparencia segundo provincia

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

# II.V. Puntos de acceso público á Sociedade da Información

Moitos dos concellos galegos ofrecen á cidadanía puntos de acceso á Sociedade da información. Estes puntos están localizados nas bibliotecas, aulas de informática e centros de servizos para a sociedade dixital. No ano 2023, a dispoñibilidade destes puntos de acceso mantense estable: o 71,7% dos concellos contan nas bibliotecas públicas deste punto de acceso, o 57,1% tamén o teñen nas aulas de informática e o 17,5% dispón tamén do acceso nun centro de servizos.

**G. 32. Puntos de acceso público á Sociedade da Información. Evolución do Indicador**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

O ámbito poboacional incide no indicador a favor dos concellos máis grandes como ven acontecendo nas pasadas edicións da enquisa. Por provincias, pódese salientar a dispoñibilidade de puntos nas aulas de informática no 69,2% de concellos da provincia da Coruña e o 80,7% con puntos de acceso nas bibliotecas públicas dos concellos da provincia de Pontevedra.

## C.21 Puntos de acceso público á Sociedade da Información segundo o estrato poboacional

(% todos os concellos)

| | Total | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Biblioteca pública | **71,7%** | 57,0% | 68,1% | 92,0% | 89,3% | 93,8% | 71,4% |
| Aula Informática | **57,1%** | 37,7% | 58,3% | 76,0% | 75,0% | 81,3% | 85,7% |
| Centro de servizos | **17,5%** | 9,6% | 13,9% | 24,0% | 35,7% | 25,0% | 42,9% |

Fonte: OSIMGA

## C.22 Puntos de acceso público á Sociedade da Información segundo a provincia

(% todos os concellos)

| | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| Biblioteca pública | **71,7%** | 78,8% | 64,0% | 64,9% | 80,7% |
| Aula Informática | **57,1%** | 69,2% | 47,7% | 50,9% | 59,5% |
| Centro de servizos | **17,5%** | 17,8% | 13,8% | 18,0% | 20,9% |

Fonte: OSIMGA



# III. EQUIPAMENTOS, APLICACIÓNS E PROGRAMAS INFORMÁTICOS

- ☑ As aplicacións con maior presenza nos concellos galegos son: o "Padrón de habitantes" (100%), a de "Contabilidade" (99%) e a de "Rexistro da entidade" (97,7%). A aplicación con maior crecemento nos últimos dous anos foi a "Xestión de Tesourería" que no 2021 está nun 58,6% de concellos, o cal supón un crecemento do 21,3% respecto ao 2021.
- ☑ O 99,7% dos concellos emprega algún método de identificación ou autenticación do seu persoal
- ☑ Só un 8,5% dos concellos indican que sufriron un incidente de ciberseguridade no ano 2023,

# III. Equipamentos, aplicacións e programas informáticos

Neste capítulo preséntanse os resultados referidos aos equipamentos, aplicacións e programas informáticos dispoñibles nos concellos de Galicia.

Os contidos estrutúranse en tres epígrafes: (1) equipamentos informáticos e de comunicacións dispoñibles nos concellos; (2) aplicacións, programas e plataformas informáticas coas que contan os distintos concellos de Galicia; e (3) sistemas de identificación e certificados dixitais do persoal que traballa nas entidades locais.

## III.I.Equipamento informático e de comunicación

Os ordenadores de usuario (sobremesa e portátiles) están presentes en todos os concellos galegos. A estes séguenlle as redes sen fíos para uso da entidade e os servidores, que se atopan no 85,4% e, co 85%, servidores en instalacións propias.

Con respecto ao ano 2021, destaca o crecemento do 5% das redes sen fíos para o uso da entidade.

**G.33. Equipamentos e Sistemas Instalados e funcionando na actualidade**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

### G.34. Equipamentos e Sistemas Instalados e funcionado na actualidade. Evolución do Indicador

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

Na actualidade, os principais equipamentos analizados na enquisa están presentes na totalidade dos concellos de maior poboación.

Se segmentamos os datos segundo a provincia, destacan os concellos das provincias da Coruña e de Pontevedra, tal e como se observa nas seguintes táboas.

### C.23 Equipamentos e Sistemas instalados e funcionando na actualidade segundo o estrato poboacional

(% todos os concellos)

| | **Total** | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Ordenadores de usuario (sobremesa e portátiles) | **100,0%** | 100,0% | 100,0% | 100,0% | 100,0% | 100,0% | 100,0% |
| Servidores en instalacións propias | **85,0%** | 78,8% | 83,8% | 87,8% | 96,4% | 93,8% | 100,0% |
| Rede sen fíos para uso da entidade | **85,4%** | 80,8% | 83,1% | 85,1% | 100,0% | 93,3% | 100,0% |
| Rede sen fíos para uso dos cidadáns | **61,2%** | 50,0% | 53,7% | 72,1% | 76,9% | 92,9% | 83,3% |
| Servidores en instalacións alleas | **42,4%** | 26,3% | 48,1% | 40,0% | 61,5% | 56,3% | 85,7% |
| Tabletas electrónicas/PDAs | **39,8%** | 25,8% | 31,7% | 40,9% | 66,7% | 75,0% | 100,0% |

Fonte: OSIMGA

### C.24 Equipamentos e Sistemas instalados e funcionando na actualidade segundo a provincia

(% todos os concellos)

| | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| Ordenadores de usuario (sobremesa e portátiles) | **100,0%** | 100,0% | 100,0% | 100,0% | 100,0% |
| Servidores en instalacións propias | **85,0%** | 69,5% | 89,2% | 88,6% | 98,0% |
| Rede sen fíos para uso da entidade | **85,4%** | 84,3% | 91,2% | 80,2% | 88,1% |
| Rede sen fíos para uso dos cidadáns | **61,2%** | 62,7% | 54,8% | 55,4% | 73,5% |
| Servidores en instalacións alleas | **42,4%** | 49,7% | 41,7% | 31,1% | 47,5% |
| Tabletas electrónicas/PDAs | **39,8%** | 43,0% | 29,6% | 30,9% | 59,7% |

Fonte: OSIMGA

As necesidades de mellora, cambio ou adquisición dos sistemas e equipamento informático no concello concéntranse nas redes sen fíos para o uso da cidadanía (47%) e na velocidade de conexión a Internet (39,1%), ao igual que ocorría nas pasadas edicións da enquisa.

### G.35. Necesidades de mellora, cambio ou adquisición/utilización de equipamentos e sistemas

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

## G.36. Necesidade de mellora, cambio ou adquisición / utilización de equipamentos e sistemas. Evolución do Indicador

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

A maior demanda nos concellos, independentemente do seu estrato poboacional, céntrase na necesidade de mellorar, cambiar ou adquirir unha rede sen fíos para o uso dos cidadáns ou para o da entidade así como a velocidade de conexión a Internet.

## C.25 Necesidade de mellora, cambio ou adquisición / utilización de equipamentos e sistemas segundo o estrato poboacional

(% todos os concellos)

| | Total | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Ordenadores de usuario (sobremesa e portátiles) | **16,1%** | 22,9% | 20,0% | 8,3% | 3,6% | 0,0% | 14,3% |
| Tabletas electrónicas/PDAs | **22,0%** | 18,8% | 34,9% | 25,8% | 12,5% | 8,3% | 0,0% |
| Servidores en instalacións propias | **32,2%** | 36,0% | 35,3% | 34,2% | 34,6% | 0,0% | 0,0% |
| Servidores en instalacións alleas | **5,8%** | 7,8% | 6,1% | 0,0% | 0,0% | 25,0% | 0,0% |
| Velocidade de conexión a Internet | **39,1%** | 48,4% | 50,9% | 27,9% | 20,0% | 7,7% | 16,7% |
| Rede sen fíos para uso da entidade | **36,5%** | 43,8% | 36,7% | 37,5% | 25,0% | 8,3% | 33,3% |
| Rede sen fíos para uso dos cidadáns | **47,0%** | 55,0% | 53,3% | 43,2% | 30,4% | 16,7% | 40,0% |

Fonte: OSIMGA

## C.26 Necesidade de mellora, cambio ou adquisición / utilización de equipamentos e sistemas segundo a provincia

(% todos os concellos)

| | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| Ordenadores de usuario (sobremesa e portátiles) | **16,1%** | 14,7% | 19,3% | 15,9% | 14,6% |
| Tabletas electrónicas/PDAs | **22,0%** | 24,8% | 21,4% | 19,0% | 22,3% |
| Servidores en instalacións propias | **32,2%** | 26,0% | 37,7% | 36,4% | 28,0% |
| Servidores en instalacións alleas | **5,8%** | 2,4% | 5,9% | 6,7% | 8,9% |
| Velocidade de conexión a Internet | **39,1%** | 43,7% | 41,8% | 37,5% | 31,3% |
| Rede sen fíos para uso da entidade | **36,5%** | 37,7% | 43,6% | 29,5% | 35,3% |
| Rede sen fíos para uso dos cidadáns | **47,0%** | 45,3% | 58,4% | 45,7% | 38,3% |

Fonte: OSIMGA

O 55,4% dos concellos con máis dunha sede administrativa posúe unha conexión interna entre as sedes. Esta interconexión entre sedes dáse con moita maior intensidade nos concellos de máis de 10 mil habitantes e especialmente na provincia da Coruña (65,5%).

### G.37. Concellos con todas as súas redes conectadas entre si segundo o estrato poboacional

(% todos os concellos con máis dunha sede administrativa)




Fonte: OSIMGA

### G.38. Concellos con todas as súas redes conectadas entre si segundo a provincia

(% todos os concellos con máis dunha sede administrativa)




Fonte: OSIMGA

# III.II. Aplicacións, programas e plataformas informáticas

A dispoñibilidade e emprego de aplicacións, programas e plataformas informáticas son claves nos concellos galegos para mellorar a súa xestión e axilizar trámites e servizos.

No ano 2023, as aplicacións con maior presenza nos concellos galegos son: o "Padrón de habitantes" (100%), a de "Contabilidade" (99%) e a de "Rexistro da entidade" (97,7%). A aplicación con maior crecemento nos últimos dous anos foi a "Xestión de Tesourería" que no 2021 está nun 58,6% de concellos, o cal supón un crecemento do 21,3% respecto ao 2021.

### G.39. Aplicacións, programas e plataformas informáticas dispoñibles

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

## G.40. Aplicacións, programas e plataformas informáticas dispoñibles. Evolución do Indicador

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

O 100% dos concellos, independentemente da súa poboación, utilizan aplicacións para xestionar o "Padrón de habitantes".

O 100% dos concellos de máis de 20.000 habitantes dispoñen de aplicacións específicas para xestionar a "Contabilidade", o "Rexistro da entidade", a "Xestión de expedientes" e "Persoal e nóminas".

### C.27 Aplicación, programas e plataformas informáticas dispoñibles segundo o estrato poboacional

(% todos os concellos)

| | **Total** | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Padrón de habitantes | **100,0%** | 100,0% | 100,0% | 100,0% | 100,0% | 100,0% | 100,0% |
| Rexistro da entidade | **99,7%** | 99,1% | 100,0% | 100,0% | 100,0% | 100,0% | 100,0% |
| Contabilidade | **99,0%** | 98,2% | 100,0% | 98,0% | 100,0% | 100,0% | 100,0% |
| Xestión de expedientes | **96,6%** | 92,1% | 98,6% | 100,0% | 100,0% | 100,0% | 100,0% |
| Xestión e Tesourería | **71,1%** | 64,0% | 70,8% | 78,0% | 75,0% | 81,3% | 100,0% |
| Contratación | **69,1%** | 64,0% | 76,4% | 74,0% | 53,6% | 75,0% | 85,7% |
| Persoal e nóminas | **68,4%** | 46,5% | 77,8% | 78,0% | 85,7% | 100,0% | 100,0% |
| Xestión de secretaría | **62,3%** | 61,4% | 66,7% | 62,0% | 50,0% | 56,3% | 100,0% |
| Xestión Tributaria | **57,4%** | 40,4% | 56,9% | 66,0% | 82,1% | 87,5% | 100,0% |
| Urbanismo | **50,8%** | 50,9% | 55,6% | 44,0% | 39,3% | 56,3% | 85,7% |
| Xestión de arquivo | **50,0%** | 41,2% | 55,6% | 60,0% | 42,9% | 50,0% | 85,7% |
| Obras | **44,8%** | 43,9% | 48,6% | 38,0% | 32,1% | 68,8% | 71,4% |
| Sistema de información xeográfica | **32,8%** | 24,6% | 40,3% | 30,0% | 28,6% | 50,0% | 85,7% |
| Inventario de patrimonio | **31,0%** | 24,6% | 23,6% | 34,0% | 32,1% | 75,0% | 100,0% |
| Xestión de multas | **30,8%** | 10,5% | 22,2% | 48,0% | 64,3% | 68,8% | 100,0% |
| Xestión online de plenos | **26,2%** | 12,3% | 25,0% | 34,0% | 39,3% | 62,5% | 71,4% |
| Xestión de policía | **25,1%** | 2,6% | 11,1% | 42,0% | 64,3% | 93,8% | 100,0% |

Fonte: OSIMGA

Todos os concellos enquisados, independentemente da provincia, dispoñen de aplicacións de "Padrón de habitantes".

### C.28 Aplicación, programas e plataformas informáticas dispoñibles segundo a provincia

(% todos os concellos)

| | **Total** | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| Padrón de habitantes | **100,0%** | 100,0% | 100,0% | 100,0% | 100,0% |
| Rexistro da entidade | **99,7%** | 100,0% | 100,0% | 98,9% | 100,0% |
| Contabilidade | **99,0%** | 98,8% | 98,6% | 100,0% | 98,2% |
| Xestión de expedientes | **96,6%** | 98,9% | 97,1% | 93,1% | 98,0% |
| Xestión e Tesourería | **71,1%** | 82,1% | 59,6% | 70,5% | 69,0% |
| Contratación | **69,1%** | 85,6% | 64,0% | 55,3% | 70,7% |
| Persoal e nóminas | **68,4%** | 92,7% | 70,6% | 41,6% | 68,9% |
| Xestión de secretaría | **62,3%** | 75,0% | 44,1% | 64,6% | 61,3% |
| Xestión Tributaria | **57,4%** | 85,7% | 50,4% | 42,7% | 43,6% |
| Urbanismo | **50,8%** | 68,8% | 35,2% | 57,6% | 30,3% |
| Xestión de arquivo | **50,0%** | 49,9% | 49,0% | 44,9% | 59,5% |
| Obras | **44,8%** | 62,4% | 26,3% | 49,4% | 32,1% |
| Sistema de información xeográfica | **32,8%** | 41,8% | 33,3% | 25,0% | 30,1% |
| Inventario de patrimonio | **31,0%** | 40,8% | 13,6% | 24,6% | 47,4% |
| Xestión de multas | **30,8%** | 46,4% | 24,4% | 21,5% | 28,6% |
| Xestión online de plenos | **26,2%** | 30,9% | 18,2% | 17,8% | 42,0% |
| Xestión de policía | **25,1%** | 37,7% | 19,9% | 10,8% | 33,8% |

Fonte: OSIMGA

# III.III. Identificación e certificados dixitais

O 99,7% dos concellos emprega algún método de identificación ou autenticación do seu persoal. O método máis empregado é o "Nome de usuario e clave no ordenador do usuario" (77%) seguido do "DNI electrónico e o certificado dixital" (52,8%).

**G.41. Concellos que dispoñen dalgún método de identificación**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

**G.42. Métodos empregados polo persoal para a súa identificación no sistema informático da entidade**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

### G.43. Métodos empregados polo persoal para a súa identificación ou autenticación no sistema informático da entidade na actualidade. Evolución do Indicador 2021-2023

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

Segundo o tamaño de poboación, os métodos de identificación tamén difiren considerablemente. Nos concellos máis pequenos o método máis estendido é o uso de nome de usuario e contrasinal. Nas corporacións locais de maior tamaño empréganse na maioría varios métodos. Os principais métodos de identificación que incorporan os concello máis grandes son o nome de usuario e contrasinal segundo o servizo de directorio ou autenticación baseada nunha combinación de cando menos dous mecanismos de autenticación.

### C.29 Métodos empregados polo persoal para a súa identificación ou autentificación no sistema informático da entidade segundo o estrato poboacional

(% todos os concellos)

| | Total | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Nome de usuario e clave no ordenador do usuario | 77,0% | 83,3% | 77,8% | 78,0% | 67,9% | 62,5% | 28,6% |
| Certificado dixital: DNI electrónico, FNMT, cámaras ou outro | 52,8% | 56,1% | 66,7% | 44,0% | 39,3% | 25,0% | 28,6% |
| Autenticación mediante contrasinal seguro | 37,4% | 28,1% | 31,9% | 46,0% | 57,1% | 50,0% | 71,4% |
| Nome de usuario e clave segundo o servizo de directorio único | 24,4% | 14,0% | 15,3% | 34,0% | 46,4% | 50,0% | 71,4% |
| Autenticación baseada en una combinación de cando menos dous mecanismos de autenticación | 17,8% | 8,8% | 16,7% | 30,0% | 14,3% | 31,3% | 71,4% |
| Autenticación mediante métodos biométricos utilizados | 1,7% | 0,9% | 0,0% | 4,0% | 3,6% | 6,3% | 0,0% |
| Ningún método de identificación | 0,3% | 0,9% | 0,0% | 0,0% | 0,0% | 0,0% | 0,0% |

Fonte: OSIMGA

### C.30 Métodos empregados polo persoal para a súa identificación ou autentificación no sistema informático da entidade segundo a provincia

(% todos os concellos)

| | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| Nome de usuario e clave no ordenador do usuario | **77,0%** | 71,5% | 78,7% | 84,9% | 71,4% |
| Certificado dixital: DNI electrónico, FNMT, cámaras ou outro | **52,8%** | 47,5% | 53,6% | 56,6% | 54,4% |
| Autenticación mediante contrasinal seguro | **37,4%** | 46,2% | 35,2% | 27,1% | 42,1% |
| Nome de usuario e clave segundo o servizo de directorio único | **24,4%** | 31,8% | 21,2% | 11,9% | 36,1% |
| Autenticación baseada en una combinación de cando menos dous mecanismos de autenticación | **17,8%** | 40,2% | 10,6% | 4,9% | 11,1% |
| Autenticación mediante métodos biométricos utilizados | **1,7%** | 3,5% | 0,0% | 1,1% | 2,0% |
| Ningún método de identificación | **0,3%** | 0,0% | 0,0% | 0,0% | 1,8% |

Fonte: OSIMGA

En canto aos certificados dixitais, os cargos das entidades locais que empregan estes métodos de identificación son, maioritariamente, alcaldía ou responsable da entidade (99,6%), xunto con secretaría ou intervención (93,6%). A figura do "certificado de persoa xurídica" presenta unha clara tendencia descendente no seu uso.

### G.44. Persoas da entidade que usan algún certificado dixital para exercitar as súas funcións na actualidade

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

### G.45. Persoas da entidade que usan algún certificado dixital para exercitar as súas funcións na actualidade. Evolución do Indicador 2019-2023

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

## C.31 Persoas da entidade que usan algún certificado dixital para exercitar as súas funcións segundo o estrato poboacional

(% todos os concellos)

| | **Total** | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Alcaldía / responsable máximo da entidade | **99,6%** | 100,0% | 98,6% | 100,0% | 100,0% | 100,0% | 100,0% |
| Directivos de primeiro nivel | **50,4%** | 27,2% | 43,1% | 68,0% | 89,3% | 100,0% | 100,0% |
| Secretaría ou intervención | **93,6%** | 96,5% | 91,7% | 90,0% | 92,9% | 100,0% | 85,7% |
| Responsable informático | **33,4%** | 13,2% | 19,4% | 54,0% | 60,7% | 100,0% | 100,0% |
| Resto de persoal | **72,4%** | 66,7% | 68,1% | 74,0% | 82,1% | 100,0% | 100,0% |
| Con certificado de persoa xurídica | **31,7%** | 22,8% | 23,6% | 36,0% | 57,1% | 50,0% | 85,7% |

Fonte: OSIMGA

## C.32 Persoas da entidade que usan algún certificado dixital para exercitar as súas funcións segundo a provincia

(% todos os concellos)

| | **Total** | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| Alcaldía/ responsable máximo da entidade | **99,6%** | 100,0% | 98,4% | 100,0% | 100,0% |
| Directivos de primeiro nivel | **50,4%** | 66,8% | 35,0% | 33,3% | 70,5% |
| Secretaría ou intervención | **93,6%** | 95,2% | 89,2% | 95,2% | 94,1% |
| Responsable informático | **33,4%** | 50,7% | 15,2% | 25,2% | 41,3% |
| Resto de persoal | **72,4%** | 77,2% | 64,8% | 69,5% | 78,7% |
| Con certificado de persoa xurídica | **31,7%** | 39,2% | 33,6% | 21,4% | 33,5% |

Fonte: OSIMGA

# III.IV. Medidas de seguridade e control

A continuación, analizarase a situación actual dos concellos en relación ás actividades informáticas desenvolvidas que se relacionan coa seguridade e que se listan a continuación:

- ☑ Inventario informático actualizado.
- ☑ Documento de seguridade e os arquivos persoais rexistrados na AEPD.
- ☑ Plan de sistemas/plan informático.
- ☑ Plan de seguridade.
- ☑ Auditoría de Seguridade.
- ☑ Actualización periódica de contrasinais do persoal para o acceso aos sistemas informáticos.
- ☑ Encriptado de datos, documentos ou correos electrónicos .
- ☑ Realización de copia de seguridade (backup).
- ☑ Sistema de monitoreo de seguridade TIC que permite detectar actividade sospeitosa nos sistemas, diferente ao software antivirus.
- ☑ Protocolo de seguridade TIC para o acceso remoto.
- ☑ Avaliación do consumo enerxético informático ou Plan para a súa redución.

A actividade informática relacionada coa seguridade máis común que se desenvolve nas corporacións locais é a relativa ás "Realizacións de copia de seguridade (backup)", actividade realizada polo 73,3% dos concellos galegos, seguida da "Actualización periódica de contrasinais do persoal" (56,9%).

### G.46. Actividades informáticas de seguridade e control realizadas polos concellos na actualidade

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

## G.47. Actividades informáticas de seguridade e control realizadas polos concellos. Evolución 2021-2023




Fonte: OSIMGA

Segundo os estratos de poboación, a totalidade dos municipios de maior poboación (máis de 50 mil habitantes) inclúen nas actividades que desenvolven a "Realización de copia de seguridade", o "Inventario informático actualizado", "Actualización periódica de contrasinais do persoal" e un "Protocolo de seguridade TIC para o acceso remoto". Mentres tanto, nos concellos de menor tamaño a frecuencia redúcese progresivamente. Aínda así, nos máis pequenos realízanse copias de seguridade no 64% dos casos e tense unha política de renovación periódica de contrasinais do persoal no 49,1%.

### C.33 Actividades informáticas de seguridade e control realizadas polos concellos na actualidade segundo o estrato poboacional

(% todos os concellos)

| | Total | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Realización de copia de seguridade (backup) | 73,3% | 64,0% | 75,0% | 78,0% | 78,6% | 93,8% | 100,0% |
| Actualización periódica de contrasinais do persoal para o acceso aos sistemas informáticos | 56,9% | 49,1% | 55,6% | 66,0% | 60,7% | 62,5% | 100,0% |
| Inventario informático actualizado | 31,3% | 16,7% | 20,8% | 42,0% | 57,1% | 75,0% | 100,0% |
| Documento de seguridade e os arquivos persoais rexistrados na AEPD | 30,5% | 16,7% | 27,8% | 48,0% | 39,3% | 43,8% | 85,7% |
| Protocolo de seguridade TIC para el acceso remoto | 25,3% | 12,3% | 16,7% | 36,0% | 42,9% | 62,5% | 100,0% |
| Auditoría de Seguridade | 24,2% | 14,9% | 12,5% | 30,0% | 46,4% | 62,5% | 85,7% |
| Sistema de monitoreo de seguridade TIC que permite detectar actividade sospeitosa nos sistemas, diferente ao software antivirus. | 23,7% | 9,6% | 18,1% | 40,0% | 32,1% | 50,0% | 100,0% |
| Plan de seguridade | 22,6% | 14,9% | 20,8% | 28,0% | 28,6% | 37,5% | 71,4% |
| Plan de sistemas / plan informático | 19,1% | 11,4% | 18,1% | 20,0% | 28,6% | 43,8% | 57,1% |
| Encriptado de datos, documentos ou correos electrónicos | 16,1% | 9,6% | 15,3% | 22,0% | 21,4% | 31,3% | 28,6% |
| Avaliación do consumo enerxético informático ou Plan para súa redución | 2,8% | 3,5% | 2,8% | 2,0% | 3,6% | 0,0% | 0,0% |

Fonte: OSIMGA

Por provincias, tamén destaca a "Realización de copia de seguridade" na provincia de Pontevedra (88,3%).

## C.34 Actividades informáticas de seguridade e control realizadas polos concellos na actualidade segundo a provincia

(% todos os concellos)

| | **Total** | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| Realización de copia de seguridade (backup) | **73,3%** | 69,0% | 80,4% | 62,4% | 88,3% |
| Actualización periódica de contrasinais do persoal para o acceso aos sistemas informáticos | **56,9%** | 66,5% | 59,0% | 46,1% | 55,5% |
| Inventario informático actualizado | **31,3%** | 43,5% | 16,7% | 21,4% | 45,7% |
| Documento de seguridade e os arquivos persoais rexistrados na AEPD | **30,5%** | 44,8% | 16,8% | 25,2% | 32,9% |
| Protocolo de seguridade TIC para el acceso remoto | **25,3%** | 32,9% | 13,8% | 14,2% | 45,3% |
| Auditoría de Seguridade | **24,2%** | 28,0% | 11,9% | 17,6% | 44,0% |
| Sistema de monitoreo de seguridade TIC que permite detectar actividade sospeitosa nos sistemas, diferente ao software antivirus. | **23,7%** | 32,9% | 18,4% | 13,0% | 32,5% |
| Plan de seguridade | **22,6%** | 26,2% | 19,8% | 12,9% | 35,9% |
| Plan de sistemas / plan informático | **19,1%** | 18,9% | 15,3% | 10,5% | 37,9% |
| Encriptado de datos, documentos ou correos electrónicos | **16,1%** | 20,0% | 12,3% | 10,7% | 23,0% |
| Avaliación do consumo enerxético informático ou Plan para súa redución | **2,8%** | 2,5% | 0,0% | 5,9% | 2,0% |

Fonte: OSIMGA

O 40,3% dos concellos ten coñecemento da obriga de comunicar os datos que axuden a avaliar o estado da ciberseguridade a través da ferramenta INES. Esta porcentaxe alcanza o 100% nos concellos de máis de 50 mil habitantes.

**G.48. Coñecemento da obriga de comunicar os datos que axuden a avaliar o estado da ciberseguridade nas Administracións públicas a través da ferramenta INES**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

**G.49. Coñecemento da obriga de comunicar os datos que axuden a avaliar o estado da ciberseguridade nas Administracións públicas a través da ferramenta INES. Evolución 2021-2023**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

**G.50. Coñecemento da obriga de comunicar os datos a través da ferramenta INES segundo estrato de poboación**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

## G.51. Coñecemento da obriga de comunicar os datos a través da ferramenta INES segundo provincia

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

Entre os concellos que teñen coñecemento da ferramenta INES, o 44% fai uso da mesma facilitando datos periodicamente a través deste instrumento, sendo os concellos de máis de 50 mil habitantes os que máis frecuentemente os facilitan.

### G.52. Concellos que facilitan datos periodicamente a través da ferramenta INES

(% concellos que coñecen a ferramenta INES)




Fonte: OSIMGA

### G.53. Concellos que facilitan datos periodicamente a través da ferramenta INES. Evolución 2021-2023

(% concellos que coñecen a ferramenta INES)




Fonte: OSIMGA

## G.54. Concellos que facilitan datos periodicamente a través da ferramenta INES segundo estrato poboacional

(% concellos que coñecen a ferramenta INES)




Fonte: OSIMGA

## G.55. Concellos que facilitan datos periodicamente a través da ferramenta INES segundo provincia

(% concellos que coñecen a ferramenta INES)




Fonte: OSIMGA

# III.V. Incidentes de Ciberseguridade

Un 8,5% dos concellos indican que sufriron un incidente de ciberseguridade no ano 2023, sendo os concellos de máis de 50 mil habitantes os que máis frecuentemente os sufriron (71,4%). Obsérvase como esta incidencia duplícase respecto ao ano 2021.

**G.56. Concellos que sufriron incidentes de ciberseguridade no último ano**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

**G.57. Concellos que sufriron incidentes de ciberseguridade no último ano. Evolución 2021-2023**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

## G.58. Concellos que sufriron incidentes de ciberseguridade no último ano segundo estrato poboacional

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

## G.59. Concellos que sufriron incidentes de ciberseguridade no último ano segundo provincia

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

A principal consecuencia dos incidentes sufridos polos concellos galegos é destrución ou corrupción de datos (33,5%) e a falta de dispoñibilidade de servizos TIC (31,3%). Só un 5,1% manifesta que é a divulgación de datos confidenciais.

### G.60. Consecuencias dos incidentes de ciberseguridade

(% concellos que sufriron algún incidentes de ciberseguridade no último ano)




Fonte: OSIMGA

As persoas que traballan nas entidades municipais aproban o coñecemento sobre ciberseguridade das persoas da entidade. Valoran por riba do 5, tanto o coñecemento sobre ciberseguridade básica como o coñecemento sobre as principais ameazas e riscos aos que se afrontan as entidades.

### C.35 Valoración media do nivel de coñecemento que teñen as persoas da entidade acerca de ciberseguridade segundo o estrato de poboación

(% todos os concellos)

| | **Valoración Media 0-10** | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Ciberseguridade básica (boas prácticas para contribuír á mellora do nivel de seguridade da entidade) | **5,20** | 5,43 | 4,82 | 5,40 | 4,89 | 5,27 | 5,43 |
| Coñecemento das principais ameazas e riscos aos que se enfronta a entidade | **5,23** | 5,47 | 4,73 | 5,54 | 5,00 | 5,20 | 5,57 |

Fonte: OSIMGA

### C.36 Valoración media do nivel de coñecemento que teñen as persoas da entidade acerca de ciberseguridade segundo a provincia

(% todos os concellos)

| | **Valoración Media 0-10** | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| Ciberseguridade básica (boas prácticas para contribuír á mellora do nivel de seguridade da entidade) | **5,20** | 5,13 | 4,97 | 5,54 | 5,06 |
| Coñecemento das principais ameazas e riscos aos que se enfronta a entidade | **5,23** | 5,09 | 5,15 | 5,57 | 5,00 |

Fonte: OSIMGA




# IV. Tecnoloxías Disruptivas

- ☑ No 2023, o 25,9% dos concellos galegos xa usan servizos de Cloud Computing a través de Internet o que supón un crecemento relativo do 47,2% respecto ao 2021
- ☑ O 21,6% dos concellos dispoñen de sistemas IoT, principalmente "Medidores intelixentes", "Control e xestión de alumeado público" ou o "Control e xestión do rego, subministro de auga ou saneamento".
- ☑ O uso da análise de Big Data nos concellos de máis de 50.000 habitantes xa supera o 28%.
- ☑ No 2023, o 3,1% dos concellos galegos utiliza robots para tarefas limpeza ou eliminación de residuos e o 2,5% utiliza chatbots para interactuar cos veciños.

# IV. Tecnoloxías Disruptivas

Neste capítulo achégase a análise da incorporación de diversas tecnoloxías dixitais innovadoras e incipientes nos concellos galegos dende o Cloud Computing, Big data, chatbot ata os dispositivos de IoT, que denominaremos Tecnoloxías Disruptivas.

## IV.I. Cloud Computing

No 2023, o 25,9% dos concellos galegos xa usan servizos de Cloud Computing a través de Internet o que supón un crecemento relativo do 47,2% respecto ao 2021. Estes servizos teñen unha maior presenza nos concellos cunha poboación que vai dende os 20.001 ata os 50.00 habitantes (71,4%) e nos concellos da provincia de Pontevedra (40,6%).

**G.61. Disposición de servizos de Cloud Computing**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

**G.62. Disposición de servizos de Cloud Computing. Evolución 2021-2023**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

### G.63. Concellos que dispoñen de servizos de Cloud Computing segundo estrato poboacional

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

### G.64. Concellos que dispoñen de servizos de Cloud Computing segundo a provincia

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

O "E-mail" e o "Almacenamento de ficheiros" son, novamente, os servizos de Cloud Computing que máis se utilizan nos concellos galegos, cun 89,6% e un 84,8% respectivamente.

### G.65. Servizos de Cloud Computing utilizados a través de Internet

(% concellos que utilizan algún servizo de Cloud Computing a través de Internet)




Fonte: OSIMGA

Segundo o tamaño de poboación, os servizos de Cloud Computing están presentes en todos os concellos independentemente do seu número de habitantes en maior ou menor medida. O mesmo ocorre se temos en conta a provincia.

### C.37 Servizos de Cloud Computing utilizados segundo o estrato poboacional

(% concellos que utilizan algún servizo de Cloud Computing a través de Internet)

| | Total | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| E-mail (como un servizo de Cloud computing) | **89,6%** | 100,0% | 100,0% | 100,0% | 80,0% | 75,0% | 100,0% |
| Software Office ( p. e.: procesadores de texto, follas de cálculo como un servizo de Cloud computing) | **61,1%** | 100,0% | 50,0% | 66,7% | 50,0% | 25,0% | 100,0% |
| Servidor (Aloxamento) de bases de datos doConcello (como un servizo de Cloud computing) | **73,5%** | 100,0% | 0,0% | 100,0% | 75,0% | 50,0% | 100,0% |
| Almacenamento de ficheiros (como un servizo de Cloud computing) | **84,8%** | 100,0% | 50,0% | 100,0% | 80,0% | 75,0% | 100,0% |
| Aplicacións informáticas financeiras ou contables (como un servizo de Cloud computing) | **55,2%** | 100,0% | 50,0% | 50,0% | 33,3% | 50,0% | 0,0% |

Fonte: OSIMGA

## C.38 Servizos de Cloud Computing utilizados segundo a provincia

(% concellos que utilizan algún servizo de Cloud Computing a través de Internet)

| | **Total** | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| E-mail (como un servizo de Cloud computing) | **89,6%** | 86,4% | 100,0% | 100,0% | 79,7% |
| Software Office ( p. e.: procesadores de texto, follas de cálculo como un servizo de Cloud computing) | **61,1%** | 57,6% | 77,0% | 100,0% | 38,9% |
| Servidor (Aloxamento) de bases de datos doConcello (como un servizo de Cloud computing) | **73,5%** | 88,2% | 50,4% | 100,0% | 59,2% |
| Almacenamento de ficheiros (como un servizo de Cloud computing) | **84,8%** | 89,6% | 100,0% | 100,0% | 59,9% |
| Aplicacións informáticas financeiras ou contables (como un servizo de Cloud computing) | **55,2%** | 38,2% | 100,0% | 100,0% | 38,9% |

Fonte: OSIMGA

# IV.II. Big Data

O análise mediante técnicas de Big Data é aínda incipiente nos concellos galegos medianos e pequenos, pero nos de máis de 50.000 habitantes xa supera o 28% nas tres modalidades analizadas.

O 7,3% de concellos analiza datos xerados a partir de medios sociais, e o 6,3% utiliza outras fontes de Big Data. Os datos de xeolocalización xerados por dispositivos portátiles son utilizados polo 4,4% dos concellos galegos.

**G.66. Concellos que realizan análise de Big Data**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

**G.67. Concellos que realizan análise de Big Data. Evolución 2021-2023**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

## C.39 Fontes de Big Data utilizadas segundo o estrato poboacional

(% todos os concellos)

| | **Total** | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Datos por xeolocalización a partir do uso de dispositivos portátiles | **4,4%** | 1,3% | 8,1% | 3,4% | 4,8% | 0,0% | 28,6% |
| Datos xerados a partir de medios sociais | **7,3%** | 4,1% | 5,6% | 10,3% | 14,3% | 0,0% | 28,6% |
| Outras fontes de Big Data | **6,3%** | 0,0% | 5,6% | 10,3% | 15,0% | 7,1% | 28,6% |

Fonte: OSIMGA

## C.40 Fontes de Big Data utilizadas segundo a provincia

(% todos os concellos)

| | **Total** | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| Datos por xeolocalización a partir do uso de dispositivos portátiles | **4,4%** | 7,3% | 4,7% | 0,0% | 5,5% |
| Datos xerados a partir de medios sociais | **7,3%** | 7,5% | 9,5% | 2,0% | 11,5% |
| Outras fontes de Big Data | **6,3%** | 10,9% | 0,0% | 0,0% | 15,0% |

Fonte: OSIMGA

# IV.III. Internet das Cousas

Dende a edición do 2021, inclúese no cuestionario da enquisa aos concellos o uso de sistemas ou dispositivos interconectados que poden ser controlados remotamente a través de Internet (IoT). No 2023, o 21,6% dos concellos galegos utiliza estes sistemas de IOT o que supón un crecemento relativo do 3,3% nos últimos dous anos.

**G.68. Concellos que utilizan sistemas ou dispositivos interconectados que poidan ser monitorizados ou controlados remotamente a través de Internet (IoT)**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

**G.69. Concellos que utilizan sistemas ou dispositivos interconectados que poidan ser monitorizados ou controlados remotamente a través de Internet (IoT). Evolución 2021-2023**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

Neste indicador obsérvase tamén que o tamaño do estrato de poboación condiciona o seu uso a favor dos concellos máis grandes. A metade dos grandes concellos utilizan IoT.

Por provincia, pódese destacar o 30,7% de utilización de dispositivos IoT por parte dos concellos de Pontevedra.

**G.70. Concellos que utilizan sistemas de IoT segundo estrato de poboación**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

**G.71. Concellos que utilizan sistemas de IoT segundo provincia**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

Os dispositivos IoT máis utilizados polos concellos son o "Control e xestión do rego, subministro de auga ou saneamento", os "Medidores intelixentes", e "Control e xestión de alumeado público", os tres dispositivos superan o 50%.

**G.72. Dispositivos IoT utilizados polos concellos. Evolución 2021-2023**

(% concellos que utilizan dispositivos IoT)




Fonte: OSIMGA

Segundo o estrato de poboación do concello, a maior número de habitantes máis presenza de dispositivos de IoT.

En canto ao ámbito provincial, os da provincia de Pontevedra con uso de IoT, utilizan dispositivos en maior medida o "Control do acceso aos servizos públicos municipais" (67,2%) mentres que nos concellos da provincia da Coruña e o "control e xestión do alumeado público" o dispositivo máis utilizado (66,7%).

## C.41 Dispositivos IoT utilizadas segundo o estrato poboacional

(% concellos que utilizan dispositivos IoT)

| | Total | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Control e xestión do rego, subministro de auga ou saneamento | **70,6%** | 83,3% | 66,7% | 57,1% | 66,7% | 50,0% | 100,0% |
| Medidores intelixentes, lámpadas intelixentes, termostatos intelixentes para optimizar o consumo de enerxía nos diferentes locais ou dispositivos de competencia municipal | **61,9%** | 87,5% | 25,0% | 37,5% | 83,3% | 33,3% | 100,0% |
| Control e xestión lo alumeado público | **51,3%** | 14,3% | 20,0% | 57,1% | 80,0% | 75,0% | 100,0% |
| Control do acceso aos servizos públicos municipais | **47,3%** | 14,3% | 0,0% | 85,7% | 83,3% | 0,0% | 100,0% |
| Xestión de aparcamentos | **21,7%** | 0,0% | 0,0% | 12,5% | 60,0% | 20,0% | 100,0% |
| Unha rede inalámbrica para dar servizo ao IOT no concello | **17,9%** | 0,0% | 25,0% | 16,7% | 0,0% | 0,0% | 100,0% |
| Xestión de Residuos | **6,8%** | 0,0% | 0,0% | 0,0% | 0,0% | 0,0% | 100,0% |
| Outras fontes de Big Data non especificadas anteriormente, p, outros datos de páxinas web abertas máquina a máquina | **12,6%** | 0,0% | 20,0% | 0,0% | 50,0% | 0,0% | 100,0% |

Fonte: OSIMGA

## C.42 Dispositivos IoT utilizados segundo a provincia

(% concellos que utilizan dispositivos IoT)

| | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| Control e xestión do rego, subministro de auga ou saneamento | **70,6%** | 65,6% | 77,9% | 83,5% | 57,3% |
| Medidores intelixentes, lámpadas intelixentes, termostatos intelixentes para optimizar o consumo de enerxía nos diferentes locais ou dispositivos de competencia municipal | **61,9%** | 58,1% | 65,6% | 100,0% | 42,7% |
| Control e xestión lo alumeado público | **51,3%** | 66,7% | 23,8% | 52,1% | 55,6% |
| Control do acceso aos servizos públicos municipais | **47,3%** | 46,6% | 25,9% | 67,5% | 67,2% |
| Xestión de aparcamentos | **21,7%** | 15,9% | 11,6% | 0,0% | 49,2% |
| Unha rede inalámbrica para dar servizo ao IOT no concello* | **17,9%** | 37,6% | 0,0% | 0,0% | 18,5% |
| Xestión de Residuos | **6,8%** | 0,0% | 11,6% | 0,0% | 18,5% |
| Outras fontes de Big Data non especificadas anteriormente, p, outros datos de páxinas web abertas máquina a máquina | **12,6%** | 0,0% | 15,2% | 0,0% | 32,6% |

Fonte: OSIMGA

# IV.IV. Robótica e Chatbots

Para completar o coñecemento sobre o uso de tecnoloxías disruptivas nos concellos galegos, analizouse, un ano máis, o uso de robots para tarefas de vixilancia, para tarefas de limpeza e de chatbots para interactuar cos cidadáns.

Aínda que estas tres tecnoloxías só están levemente instauradas no ámbito da administración dixital local, xa se están empezando a dar os primeiros pasos. Así, no 2023, o 3,1% dos concellos galegos utiliza robots para tarefas de limpeza ou eliminación de residuos e o 2,5% utiliza chatbots para interactuar cos veciños.

**G.73. Concellos que utilizan robótica e chatbots**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

**G.74. Concellos que utilizan robótica e chatbots. Evolución 2021-2023**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

A presenza destas innovacións tecnolóxicas é máis notoria nos concellos de máis de 50 mil habitantes, onde o 16,7% utilizan robots para tarefas de vixilancia.

Os Robots para tarefas de limpeza e eliminación de residuos destacan, con máis do dobre que a media, nos concellos de 10 a 20.000 habitantes e nos de 20 a 50.00 habitantes.

O uso de chatbots para interactuar cos veciños ten maior presenza nos concellos cun volume de poboación de 5.001 a 10.000 habitantes (7%).

En canto á provincia, destácase o uso de robots para tarefas de vixilancia e chatbots para interactuar cos veciños nos concellos coruñeses, e os robots para tarefas de limpeza e robots para tarefas de vixilancia nos concellos da provincia de Pontevedra.

### C.43 Utilización de robótica e chatbots segundo o estrato poboacional

(% todos os concellos)

| | **Total** | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Robots para tarefas de vixilancia, seguridade ou inspección | **2,2%** | 0,0% | 3,6% | 0,0% | 5,3% | 7,7% | 16,7% |
| Robots para tarefas limpeza ou eliminación de residuos | **3,1%** | 2,2% | 1,9% | 2,4% | 9,5% | 7,7% | 0,0% |
| Chatbots para interactuar cos veciños | **2,5%** | 0,0% | 1,8% | 7,0% | 4,3% | 6,7% | 0,0% |

Fonte: OSIMGA

### C.44 Utilización de robótica e chatbots segundo a provincia

(% todos os concellos)

| | **Total** | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| Robots para tarefas de vixilancia, seguridade ou inspección | **2,2%** | 4,5% | 0,0% | 0,0% | 4,7% |
| Robots para tarefas limpeza ou eliminación de residuos | **3,1%** | 2,9% | 2,0% | 1,5% | 7,2% |
| Chatbots para interactuar cos veciños | **2,5%** | 5,9% | 0,0% | 1,5% | 2,2% |

Fonte: OSIMGA



# V. Teletraballo

☑ No 2023, o 55,7% dos concellos galegos contaban con empregados/as que teletraballaban.

# V. Teletraballo

No ano 2023, o 55,7% dos concellos galegos contaban con empregados/as que teletraballaban, é dicir, que se conectan cando menos media xornada semanal a sistemas TIC por redes telemáticas externas ao Concello.

**G.75. Concellos con empregados/as teletraballando no ano 2023**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

**G.76. Concellos con empregados/as teletraballando. Evolución 2021-2023**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

Tendo en conta o estrato de poboación do municipio e a provincia, a partir dos 50.000 habitantes, todos os concellos contan con algún empregado teletraballando.

Lidera o uso do teletraballo a provincia de Pontevedra, co 84% e seguida a certa distancia da Coruña, co 64,6%.

**G.77. Concellos con empregados/as teletraballando segundo o estrato poboacional**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

**G.78. Concellos con empregados/as teletraballando segundo a provincia**

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

Tendo en conta os concellos que teñen empregados/as que teletraballan, o 36,9% teñen menos do 5% dos seus empregados/as que o fan habitualmente, e só o 19,9% teñen máis dun 20% de persoal que habitualmente teletraballa.

**G.79. Porcentaxe de empregados/as que teletraballan habitualmente no ano 2023**

(% todos os concellos que teñen empregados / as teletraballando)




Fonte: OSIMGA

A presenza de empregados/as teletraballando habitualmente é máis notoria nos concellos de máis de 50 mil habitantes, onde o 66,7% teñen máis do 20% do persoal que teletraballa.

En canto á provincia, destácase o maior volume de persoal que habitualmente teletraballa nos concellos nas provincias de Pontevedra e A Coruña.

**C.45 Porcentaxe de empregados/as que teletraballan habitualmente no ano 2021 segundo o estrato poboacional**

(% todos os concellos que teñen empregados / as teletraballando)

| | Total | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Menos do 5% | 36,9% | 50,0% | 46,4% | 24,1% | 39,1% | 9,1% | 0,0% |
| Do 5% ao 20% | 43,2% | 33,3% | 42,9% | 55,2% | 39,1% | 63,6% | 33,3% |
| Máis do 20% | 19,9% | 16,7% | 10,7% | 20,7% | 21,7% | 27,3% | 66,7% |

Fonte: OSIMGA

**C.46 Porcentaxe de empregados/as que teletraballan habitualmente no ano 2021 segundo a provincia**

(% todos os concellos que teñen empregados / as teletraballando)

| | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| Menos do 5% | 36,9% | 39,0% | 48,4% | 34,9% | 29,1% |
| Do 5% ao 20% | 43,2% | 41,6% | 36,4% | 54,0% | 42,5% |
| Máis do 20% | 19,9% | 19,4% | 15,2% | 11,2% | 28,4% |

Fonte: OSIMGA



# VI. Aplicacións internas

- ☑ No ano 2023, a aplicación interna de xestión máis común nos concellos galegos foi a "Xestión de expedientes/tramitación electrónica" cun 93%; seguida da "Emisión de documentos administrativos dixitais" co 89,6%; no terceiro e carto posto atópanse as aplicacións de "Integración na rede de comunicacións das AAPP", e a "Xestión de identificación electrónica e sinatura electrónica", cun 84,8% e 84,7% respectivamente.
- ☑ A "Facturación electrónica"(94%), o "Perfil de Contratante" (91,9%) e a "Licitación electrónica" (89,3%), son as aplicacións máis habituais nos concellos galegos.

# VI. Aplicacións internas

A continuación preséntase a análise dos resultados obtidos no apartado de aplicacións internas e melloras que se dividirá en varias seccións. A estrutura da información que se presenta comeza mostrando os datos referidos ao grao de implantación de diversas aplicacións, servizos e actuacións no ámbito da administración dixital, así como as posibles melloras que se poderían aplicar nas mesmas. Finalmente, exporanse as principais problemáticas dos concellos á hora de optimizar o despregue da administración dixital nas súas entidades.

## VI.I. Actuacións, melloras e actuacións prioritarias

Neste primeiro epígrafe tratarase a situación dos concellos segundo a súa relación coas seguintes aplicacións internas de xestión de eAdministración:

- ☑ Xestión de expedientes/tramitación electrónica (backoffice).
- ☑ Xestión de dixitalización, documentos, arquivo electrónico.
- ☑ Xestión de identificación electrónica e sinatura dixital para o persoal da entidade.
- ☑ Facilitar datos do cidadán en formato electrónico a outras AAPP.
- ☑ Xestión automatizada de trámites administrativos mediante sinatura dixital.
- ☑ Emisión de documentos administrativos dixitais.
- ☑ Xestión de intranet (internet para uso interno).
- ☑ Integración na rede de comunicacións das AAPP (SARA, etc.)

No ano 2023, a aplicación interna de xestión máis común nos concellos galegos foi a "Xestión de expedientes/tramitación electrónica" cun 93%; seguida da "Emisión de documentos administrativos dixitais" co 89,6%; no terceiro e cuarto posto atópanse as aplicacións de "Integración na rede de comunicacións das AAPP", e a "Xestión de identificación electrónica e sinatura electrónica", cun 84,8% e 84,7% respectivamente.

O incremento máis intenso respecto aos resultados do ano 2021 obsérvase nas aplicacións "Xestión de dixitalización, xestión documental, arquivo electrónico, custodia" que ten un crecemento de 4,2%.

